

01

Que é o mosquito tigre?

É un mosquito de cor negra, cunha liña branca dende a cabeza ao tórax e manchas brancas en patas e abdome. É unha especie principalmente urbana, activa sobre todo durante o día, e que se esconde en zonas sombrías. Pode transmitir algunhas enfermidades ás persoas, como o dengue, chikungunya ou zika. Aínda que a probabilidade é moi pequena, o control deste mosquito é primordial.

Viches un mosquito tigre?

Avísanos!

Descarga a app Mosquito Alert e axuda a estudar por onde se expanden estes mosquitos e predicir a súa diseminación en zonas onde non chegou.



MOSQUITO  ALERT



mosquitoalert.com



Prevención e control do

mosquito tigre



02

Onde se atopa e non se atopa?

- 1.** O mosquito tigre **cría en pequenos recipientes que acumulan auga estancada** durante máis dunha semana (pratos baixo as macetas, auga dos floreiros, bebedeiros das mascotas,...).
- 2.** O mosquito tigre **nunca deposita os ovos en augas en movemento**, como ríos e rías, nin en superficies e volumes de auga importantes (máis de 200 litros), como os estanques. Tampouco se pode desenvolver onde a auga se evapora aos poucos días.



03

Como o combatemos?

- 1.** Baleirar cada 3-4 días ou cubre obxectos ao aire libre que poidan acumular auga (**macetas, cubos, cinzeiros, pratos de animais domésticos, sifóns, etc.**) para evitar a súa reprodución.
- 2.** Cubrir balsas e piscinas cando non se usen, con lonas que impidan acumular auga.
- 3.** Botar auga de cando en vez nas canaletas, nos desaugadoiros e zonas de drenaxe e vixiar os sistemas de rega.
- 4.** Evitar a **acumulación de auga** en charcos e ocos das árbores tapándoos con terra.



04

Evita a súa picada

- 1.** Aplicar **insecticidas e repelentes autorizados** contra este insecto, para evitar as picadas.
- 2.** Utilizar **mosquiteiros en xanelas, depósitos, recipientes etc.**, pode evitar o acceso do mosquito e a posta de ovos.
- 3.** Este mosquito soe picar no exterior das vivendas. **Usar roupa que cubra a pel.**
- 4.** Manter unha **boa hixiene persoal**, xa que a suor e os olores fortes atraen aos mosquitos.



Sintomatoloxía da picadura. As picaduras do mosquito tigre son moi molestas, poden ser dolorosas e ocasionar unha reacción alérxica.

A picadura vólvese máis visible e dolorosa co tempo. Pode causar prurito, ronchas e molestias ao redor da zona afectada. Evita rascar a picadura, lávaa con auga e xabón, e usa xeo para reducir a inflamación. En caso de complicacións graves busca atención médica.